

# Memoria de actividades 2014



**COGAMI**

CONFEDERACIÓN GALEGA  
DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE





## Introdución

Carta do Presidente de COGAMI

Presentación COGAMI

Organigrama

## Áreas de COGAMI

**05** FORTALECEMENTO MOVEMENTO ASOCIATIVO

---

**10** FORMACIÓN E EMPREGO

---

**14** TRABALLO SOCIAL

---

**20** ACCESIBILIDADE

---

**24** LECER

---

**28** INNOVACIÓN E MELLORA

---

**32** COMUNICACIÓN E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

---

**39** ACTIVIDADES VINCULADAS Á ECONOMÍA SOCIAL

---

**45** MEMORIA ECONÓMICA

---


**51** ASOCIACIÓNS MEMBRO

---

**63** FINANCEIROS

---





Ao final do día, os capitáns dos barcos escribían as incidencias da travesía no caderno de bitácora. Este libro servía de relato para saber a historia da viaxe.

Finalizado 2014, a lectura do noso caderno de bitácora indica que o noso barco está realizando unha travesía interminable nun mar cada vez máis axitado. Deste mar non se pode culpar ao cambio climático pero si ao cambio que esta sociedade está sufrindo.

Sen lugar a dúbidas, a peor incidencia que sufrimos foi o peche de Rede Galega de Kioscos. Rede foi un escollo insalvable, pero as decisións teñen que tomarse e o que non se podía era condenar á tripulación e ao barco. As compañeiras e compañeiros que perderon o seu emprego, sen dúbida, son os peores parados e, en cando sexa posible, todos debemos traballar para intentar cambiar a súa situación, axudalos a reincorporalos no mercado laboral.

Esta situación fíxonos sufrir infamias, inxurias, insultos, toda clase de mentiras sobre a organización e algúns dos seus membros. Non saímos dar réplicas, por non ser o adecuado, pero cando termine o ruído, cando chegue a soidade, canto estean sos COGAMI e as persoas que perderon o emprego, entón diremos o que temos que dicir e cada un saberá o que realmente é. “Non temos tempos para os imbéciles e escuros”.

Se seguimos cos símiles mariños, semella que o noso mar ten forma de bucle, avanzamos pero costa chegar a porto, problemas como os copagos, o transporte adaptado, a promoción da autonomía persoal, os servizos da dependencia, a educación inclusiva e de calidade, a múltiple discriminación, a falta de accesibilidade, o perigo da exclusión social ou da marxinalidade están sempre presentes, inmóbiles, forman xa parte da nosa paisaxe habitual.

Temos dificultades e non avanzamos como nos gustaría, pero temos que pensar que seguimos a navegar contracorrente, non temos ventos favorables pero aínda así non retrocedemos, seguimos na ruta.

Moitas veces, vemos a nosa realidade dende a varanda de popa, en vez de subir ao pao maior e con ilo perdemos certo grao de perspectiva, vemos o que temos atrás e sempre nos pode parecer que todo é o mesmo. Pero se nos decidimos a subir ao pao maior, podemos ver o moito que camiñamos e que se seguimos remando, quedaranos menos por chegar. Pódovos asegurar que este ano 2014 todos remamos moito, cada un na súa responsabilidade, na súa misión e cada impulso do remo foi importante.

O ano 2015 vai ser o das vinte e cinco primaveras, vinte e cinco ilusións da multitude de persoas compañeiras e amigas. Por ilo temos unha obriga máis, a de dar todo o que podemos para que no caderno de bitácora poidamos escribir mar tranquila, vento a favor, avístase terra. Gañas e compromiso non nos van faltar.

Unha aperta



## PRESENTACIÓN

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública e constituída por 53 asociacións e delegacións de entidades de persoas con discapacidade física e orgánica. Presta servizos ás persoas con discapacidade e xestiona directamente 12 iniciativas empresariais de economía social que empregan a máis de 800 persoas.

Moitos dos servizos que presta COGAMI, así como algunhas das súas iniciativas empresariais, xurdiron a partir de proxectos europeos nos que a nosa entidade participa dende hai máis dunha década.

## MISIÓN

Conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

## VISIÓN

Un movemento asociativo consolidado e amplamente recoñecido pola sociedade en xeral, polos seus valores e liderado na busca de novas metodoloxías de traballo coas persoas con discapacidade e na prestación de servizos de excelencia dirixidos ás mesmas.

## VALORES

COGAMI adhiñese á Declaración Universal dos Dereitos Humanos, á carta de Dereitos Sociais da UE, ás normas unificadas de Igualdade e á Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Ademais, adopta estes valores:

Valores de Xestión:

- Transparencia
- Mellora continua
- Innovación
- Calidade
- Profesionalidade
- Democracia interna
- Enfoque de xénero



Xunta Directiva de COGAMI



Valores da entidade:

- Defensa de dereitos das persoas con discapacidade
- Igualdade interseccional
- Solidariedade
- Participación
- Implicación Social
- Independencia

**ESTRUTURA ASOCIATIVA**

COGAMI é unha das entidades fundadoras do Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI Galicia) e tamén da Rede Galega contra a Pobreza (EAPN-Galicia). A nivel estatal, é membro de COCEMFE (Confederación Coordinadora Estatal de Personas con Discapacidad Física y Orgánica de España).

Na actualidade, COGAMI está constituída por 16 asociacións membro directo: 4 Federacions Provinciais, 2 entidades autonómicas e 11 asociacións comarcais. Á súa vez, as catro federacions están formadas por outras asociacións ata conformar un movemento asociativo de 53 entidades.


**PLAN ESTRATÉXICO**

Durante o ano 2014 seguiuuse desenvolvendo o plan estratéxico de COGAMI que rematará en 2015. Este plan trouxo importantes novidades que supuxeron cambios no traballo e na formulación de obxectivos dalgunhas das áreas de COGAMI como a de fortalecemento do movemento asociativo ou a do SIL.

Tamén supuxo a consolidación da área de Fondos Propios da organización como unha ferramenta para obter financiamento para os servizos vinculados á misión de COGAMI.

**SELO COMPROMISO COA EXCELENCIA**

En 2009 COGAMI consegue o **SELO COMPROMISO COA EXCELENCIA 200+EFQM**, acadando o **SELO COMPROMISO COA EXCELENCIA 300+EFQM** en 2011 e en 2013 superouse un dos obxectivos estratéxicos, o **SELO EXCELENCIA EUROPEA 400+ EFQM**. En 2014 traballouse para volver renovar este selo durante o vindeiro ano.





# Fortalecimento Movimento Associativo



## 1. DINAMIZACIÓN NO RURAL

Esta área desenvolve actividades de información e asesoramento, xestión de recursos, programación e organización de diferentes accións formativas, de saúde e sensibilización social, así como de participación en programas de lecer, co fin de apoiar toda a rede de entidades que conforman COGAMI.

Estas accións poden diferenciarse segundo as necesidades das persoas con discapacidade:

1. Área de apoio á mellora da saúde.
2. Área de apoio ás necesidades das persoas con discapacidade e ás familias.
3. Área de apoio ao lecer lúdico-educativo.

**1.797 persoas do rural participaron en programas de FMA**



Charla sobre o procedemento de equipos



Todas estas actividades e programas enmarcados dentro destas áreas e que se desenvolveron en 2014, contaron cunha participación de 1.797 persoas con discapacidade: 955 homes e 842 mulleres.

### Área de apoio á mellora da saúde

Esta área contén os programas e actividades dirixidas ao apoio á rehabilitación para conseguir mellorar a independencia funcional físico-motora dos participantes, deter ou minimizar os procesos dexenerativos, estimular as posibilidades de movemento e autonomía persoal, potenciar as capacidades residuais e loitar contra as secuelas da inactividade. **Participaron 537 persoas**, 287 homes e 250 mulleres.

Nesta área diferéncianse dous tipos de actividades:

- **Actividades Físicas:** para mellorar as capacidades físicas a través da fisioterapia, a natación terapéutica ou a ximnasia.
- **Coñecementos Cognoscitivos** para mellorar as capacidades cognoscitivas mediante o traballo das habilidades sociais e comunicativas, da atención psicolóxica e da autonomía.

### Área de apoio ás necesidades das persoas con discapacidade e ás familias

Dentro desta área están recollidas as accións dirixidas a capacitar ás persoas participantes a

Convenio da Federación de Pontevedra con La Caixa





Sinatura convenio da Federación COGAMI Coruña coa Deputación

través de actividades formativas de carácter básico ocupacional, así como os programas e actividades dirixidos ao ámbito familiar. Participaron **245 persoas**, das que 149 foron homes e 96 mulleres.

Dentro desta área desenvolvemos:

- **Programas de formación específica para persoas con grandes discapacidades**, destaca o *Curso de Informática e Aplicacións Especiais para Persoas con Grandes Discapacidades a Distancia* con dez participantes e as *Aulas de Formación Ocupacional de Fingoi- Lugo e Mos*.
- **Programas de formación de carácter básico e ocupacional**, como o *Programa de Apoio ao Desenvolvemento Integral das Persoas con Discapacidade*, dirixido a capacitar ás persoas participantes a desenvolverse, dentro das súas características persoais, en actividades da vida diaria, así como actividades do eido *das Novas Tecnoloxías e Competencias Clave Para o Emprego e o Reforzo Formativo* entre outros.

### Área de apoio ao lecer lúdico-educativo


Programa de actividades ligadas ao lecer e tempo libre para persoas con discapacidade, xunto con outras ligadas ao ámbito educativo, cultural, formativo, etc. En 2014 desenvolvéron-

se 96 accións, nas que participaron un total de **1.015 persoas**, 519 homes e 496 mulleres.

## 2 . ASOCIACIONISMO

Cabe salientar o incremento das solicitudes de apoio recibidas dende as asociacións e as accións formativas destinadas ás/aos dirixentes do noso movemento asociativo durante o ano 2014.

Dende as nosas asociacións, recibimos durante o ano 2014, **262 solicitudes de apoio**, das que **97%** (255) están resoltas e o **3%** (7) están en proceso de resolución. Tamén foron resoltos durante o ano nove procesos de apoio que quedaron pendentes do ano 2013.



En relación ás accións formativas, organizáronse en Santiago de Compostela **4 cursos aos que asistiron 175 persoas procedentes de 36 asociacións** distintas, sendo estes:

- Carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal: contou con 54 representantes de 23 asociacións.
- Normas de xestión económica e financeira das asociacións: asistiron 21 participantes representando a 18 asociacións.
- Procedementos dos equipos de valoración e orientación de discapacidade: contou con 53 representantes de 27 asociacións.
- Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a necesidade de adecuación estatutaria daquelas entidades recoñecidas como entidades de utilidade pública: tivo 47 participantes representando a 27 asociacións.

### Novas incorporacións:

Durante o ano abríronse catro procesos de posibles incorporacións a COGAMI que seguen abertas debido ao próximo cambio de estatutos da asociación. As entidades interesadas son:

- GRUMICO – na Federación de COGAMI Coruña.
- Asociación de Fibrose Quística nas Federacións de Coruña e Pontevedra.
- Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM).

- Asociación Párkinson Ferrol na Federación COGAMI Coruña.

Tamén temos dous procesos abertos de incorporacións de asociacións provinciais de entidades membro de COGAMI.

- Liga Reumatolóxica Galega nas Federacións de COGAMI Lugo e COGAMI Pontevedra
- ALCER Pontevedra na Federación COGAMI Pontevedra

## 4 entidades incorporadas a COGAMI en 2014

### Comisión Sociosanitaria:

A Comisión celebrou tres reunións, nos meses de xullo, setembro e novembro, e participou en 18 xuntanzas e actos con diferentes grupos de interese e autoridades. En 2014 ofreceu unha charla ás persoas usuarias de Valadares sobre reclamacións, presentou alegacións a tres proxectos e anteprojectos de decretos legislativos e ao plan sociosanitario do CERMI. Fixo aportacións ao proxecto polo que se concreta e actualiza a carteira común básica de servizos asistenciais do sistema nacional de saúde e se regulan os estudos de monitorización de técnicas, tecnoloxías e procedementos. Tratou, ademais, incidencias derivadas das asociacións ACADAR, AGORA e AMICO en temas de accesibilidade, acceso ao tratamento e asistencia sanitaria.

Xuntanza da comisión sociosanitaria



Xuntanza coas Federacións de COGAMI





Xuntanza da carteira de servizos



Día do voluntariado de Iberdrola no que participaron entidades de COGAMI

### 3. CENTROS DE RECURSOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

#### **En funcionamento e con Permiso de inicio de Actividade (PIA) Xunta de Galicia**

Dentro da liña de centros de recursos dirixidos a persoas con discapacidade destacan os tres centros de COGAMI con autorización da Xunta en funcionamento na actualidade.


- 1. Centro de día de Monteporreiros:** con capacidade para 20 prazas. Durante este ano participaron 12 persoas procedentes de Pontevedra<sup>(6)</sup>, Bueu<sup>(1)</sup>, Poio<sup>(2)</sup>, Cangas<sup>(1)</sup>, Caldas de Reis<sup>(1)</sup>, e Valga<sup>(1)</sup>.
- 2. Centro de recursos (centro día e centro ocupacional) para persoas con discapacidade de Medelo:** Con capacidade para 50 prazas, en 2014 participaron 21 persoas procedentes dos concellos de: Vedra<sup>(3)</sup>, A Estrada<sup>(11)</sup>, Silleda<sup>(2)</sup>, Vila de Cruces<sup>(2)</sup>, Lalín<sup>(2)</sup> e Forcarei<sup>(1)</sup>.

En ámbolos dous centros, as persoas usuarias participan nun programa mixto onde se desenvolven diversos programas de forma simultánea a través de diferentes áreas de habilitación e atención:

- **ÁREA DE HABILITACIÓN E MANTEMENTO FÍSICO - COGNITIVO:** realizáronse actividades físicas e deportivas, rehabilitación física, terapia ocupacional, audición e linguaxe, natación terapéutica-hidroterapia, etc.

- **ÁREA DE HABILITACIÓN FORMATIVA E PROFESIONAL:** impartiuse informática e TICs, formación básica e académica, talleres de habilidades prelaborais e formación profesional.
- **ÁREA DE ATENCIÓN PERSOAL,** realízase intervención e apoio psicolóxico e obradoiros de habilidades persoais e xerais.
- **ÁREA DE ATENCIÓN SOCIAL,** desenvólvense obradoiros de habilidades sociais e comunicativas, desenvolvemento na comunidade, programas de traballo social individualizado, promoción da vida independente e actividades no exterior (actos da comunidade).

- 3. Aula ocupacional TICs de Fingoi, en Lugo:** nesta aula participaron 31 persoas dentro dun programa mixto onde se desenvolven de forma simultánea accións de formación ocupacional e servizos de apoio persoal e social. O alumnado procede de Lugo<sup>(15)</sup>, Rábade<sup>(2)</sup>, Outeiro de Rei<sup>(3)</sup>, Sarria<sup>(4)</sup>, Guitiriz<sup>(1)</sup>, Begonte<sup>(3)</sup>, Portomarín<sup>(1)</sup>, As Nogais<sup>(1)</sup> e O Corgo<sup>(1)</sup>.



Clase de logopedia no CRD de Medelo

Os cursos desenvolvidos no marco deste programa estaban distribuídos nas seguintes accións formativas e servizos de apoio:

#### Accións formativas

1. Sistema operativo
2. Presentacións gráficas
3. Maquetación
4. Xestión e transmisión da información
5. Coñecemento do medio social
6. Formación para o desenvolvemento persoal
7. Expresión en lingua galega
8. Tecnoloxía e medio ambiente

4. **En funcionamento e sen permiso de inicio de actividade (PIA) Xunta de Galicia centro de recursos de Mos:** participaron 38 persoas nun programa mixto onde se desenvolven de forma simultánea accións de formación ocupacional e

#### Servizos de Apoio

1. Terapia ocupacional
2. Apoio social
3. Apoio psicolóxico
4. Actividades lúdico-deportivas
5. Logopedia
6. Fisioterapia

servizos de apoio persoal e social. O alumnado procede de Vigo(22), Mos(6), Pontearreas(3), Nigrán(2), O Porriño(2), Fornelos de Montes(1), Pazos de Borbén(1), e Redondela(1).

Os cursos desenvolvidos contaron coas seguintes accións formativas e servizos de apoio:

#### Accións formativas

1. Competencias clave para o emprego e o reforzo formativo I e II
2. Novas tecnoloxías da información e comunicación I e II
3. Técnicas de redución, reutilización e reciclaxe I e II
4. Educación secundaria aplicada á inserción laboral I, II e III
5. Cultivos ecolóxicos

#### 5. Outras situacións

- **Centro de día de Ferrol:** atópase en situación de cese temporal.
- **Remodelación do centro de recursos de Fingoi para a posta en funcionamento dun centro de día** para persoas con gran discapacidade física, na liña de funcionamento das actividades do centro actual con capacidade para 60 prazas.

#### Servizos de Apoio

1. Desenvolvemento persoal
2. Fisioterapia
3. Logopedia
4. Igualdade de xénero e oportunidades
5. Actividades didáctico-deportivas

- **Centro de día de A Coruña:** en trámite para abrir como centro de día con capacidade para 30 prazas en 2015.
- **Novo centro de recursos de Mos.** Está en marcha o proceso de posta en funcionamento dun centro de día, un centro ocupacional e unha vivenda tutelada, con capacidade para: 30 prazas de centro de día, 20 prazas de centro ocupacional, 15 prazas de formación (1 aula homologable) e 5 prazas de vivenda tutelada.

Fisioterapia no CRD de Boimorto



Inauguración do centro de recursos de Boimorto





Formación e emprego





Curso AFD impartido en Santiago



Visita ao viveiro de empresas de Santiago a través do Plan Integrado

## 1. FORMACIÓN

COGAMI desenvolve un programa de formación que se adapta ás necesidades e capacidades das persoas con discapacidade, tendo por finalidade a dotación de competencias para capacitar o seu desenvolvemento profesional.

### Cursos de Formación Profesional Ocupacional

Para impartir unha acción formativa, téñense en conta tanto as necesidades da persoa como as demandas do tecido empresarial co obxectivo final de lograr a inserción laboral. Os principais clientes deste servizo son as persoas con discapacidade, ás que se lles ofrece formación profesional ocupacional a través do desenvolvemento dos seguintes procesos: deseño de cursos, planificación da formación profesional ocupacional, selección de persoas participantes, impartición de cursos, realización de prácticas non laborais e avaliación xeral do curso.

Durante 2014, realizáronse **50 cursos** de Formación Profesional Ocupacional nos que participaron **673 persoas**. Destes cursos, foron 2 a distancia, nos que participaron 32 persoas, a maioría destas residentes no rural. Ao rematar as clases teóricas, 339 persoas realizaron prácticas en empresas.

**673 persoas  
formadas nos 50  
cursos impartidos  
en 2014**

As temáticas dos cursos impartidos foron de xestión de stocks, almacén e control de caixa, controlador de accesos, traballador de espazos naturais, xestión contable, introdución a actividades de venda, técnicas administrativas e de oficina, atención sociosanitaria, repoñedor, condutor de autobús, xestión administrativa contable, auxiliar de transporte e xestor de comercio.

### Cursos AFD

Ao igual cos anteriores, subvencionados pola Consellería de Traballo e Benestar, en 2014 COGAMI impartiu **11 cursos AFD** nos que se formaron **155 persoas** en operacións de gravación e tratamento de datos e documentos, actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería e operación de servizos administrativos.

Outro curso AFD, de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións, impátese con carácter privado en Ferrol e nel participaron 10 persoas.

### Outros cursos

A Deputación de Pontevedra financiou un curso de ofimática en Mos ao que asistiron 15 persoas; a Fundación ONCE financiou 3 cursos de operacións e tratamento de datos e documentos e 4 de operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais aos que asistiron 105 persoas; o concello de A Coruña, a través de Rede Coruña Emprega, impartiu un curso de coidado de persoas con discapacidade física e psíquica para 15 persoas; no CPAP de Bergondo impartíronse cursos sobre operacións auxiliares de servizos administrativos, informática e



técnicas de apoio para a unidade de dano cerebral e operario de carretillas elevadoras no que participaron 24 persoas; a través de FOREM en Ferrol impartíronse 4 cursos que contaron coa asistencia de 60 persoas sendo estes de apoio na organización de intervencións no ámbito institucional, intervención na atención hixiénico alimentaria en institucións, aplicacións de deseño asistido por ordenador: Autocad 2011 3D e de manipulador de alimentos; a través da Cámara de Comercio de Vigo, desenvolveuse en Salvaterra do Miño un curso de xardinería e poda que contou con 20 asistentes.

## 2. EMPREGO

Para lograr a inclusión e a participación social das persoas con discapacidade na sociedade, é necesaria a súa incorporación no mercado laboral. Para isto, para lograr a inserción laboral nace o SIL, o Servizo de Intermediación Laboral.

### O Servizo de Intermediación Laboral

Nace en 1996 como unha aposta de COGAMI pola inclusión das persoas con discapacidade a través do emprego. Como centro colaborador do Servizo Público de Emprego de Galicia, un equipo formado por 40 orientadoras/es laborais e axentes de emprego traballan nas 7 oficinas (A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) que atenden tanto ás

necesidades da contorna urbana como das zonas rurais.

Os principais clientes do SIL son as persoas con discapacidade e as empresas, co que centrará os seus servizos segundo a clientela:

**No caso das persoas con discapacidade**, o SIL proporciónalles as ferramentas necesarias para a busca activa de emprego ofrecendo:

- Información, asesoramento, orientación e motivación.
- Captación de ofertas de traballo.
- Recursos formativos e laborais.

**No caso de empresas, proporciónalles:**

- Traballadoras/es cualificados para atender as súas demandas de emprego (2 persoas candidatas en 48 horas).
- Asesoramento e información sobre contratacións, axudas ou bonificacións, adaptación dos postos de traballo, etc.
- Apoio á empresa no proceso de incorporación de persoal.

As principais actividades do SIL serían:

- Entrevistas ocupacionais
- Orientacións laborais
- Visitas a empresas
- Accións grupais de técnicas de busca de emprego
- Xestións de ofertas de emprego



Xornada RSE en Pontevedra



Xornada de Técnicas de busca de emprego en Arzúa



## O SIL en datos

En 2014 o SIL conta cun total de **1.495 novas persoas usuarias** con discapacidade incorporadas á base de datos, que dispón de **27.500 persoas inscritas**, todas con discapacidade. O SIL tamén **visitou 609 empresas** novas, propiciando a inserción de **1.728 persoas con discapacidade**, e levou a cabo **43 accións grupais de técnicas de busca de emprego**, coa finalidade de potenciar todas as posibilidades de inserción no mercado laboral.

## **1.495 novas persoas apuntadas no SIL**

### Participación en xornadas

Durante 2014, o Servizo de Intermediación Laboral participou nos seguintes foros e xornadas:

- Foro de emprego do concello de Santiago de Compostela. A inserción laboral para as persoas con maiores dificultades: necesidades e alternativas.
- Seminario RIPO na USC (Red Interuniversitaria de profesorado de orientación).
- Xornada O Porriño. Participación no triángulo de emprego.
- Xornada na Facultade de Ciencias da Educación respecto ás saídas profesionais como orientador/a laboral.

- Xuntanzas con asociacións empresariais, coa Confederación de Empresarios de A Coruña e coa Cámara de Comercio de Pontevedra, co fin de dar a coñecer o servizo e sensibilizar tanto ás asociacións empresariais como ás empresas da contratación de persoas con discapacidade.

## **1.728 insercións laborais logradas polo SIL en 2014**

### Programas de emprego

O SIL presta especial atención a aquelas persoas con discapacidade que teñen máis dificultades á hora de atopar un traballo, para isto desenvolve estes programas de inserción laboral:

- **Programa Vodafone** para a inserción laboral das persoas con discapacidade en Galicia a través do uso das TIC's, que contou coa participación de 150 persoas desempregadas, das que o 58,6% lograron inserirse, sendo un total de 88 persoas.
- **Programa Integrado** para a igualdade de oportunidades na inserción laboral de persoas con discapacidade, a través do que se busca informar, asesorar, formar e capacitar a 60 persoas participantes, das que o 68,3% conseguiron a inserción laboral, sendo 41 persoas inseridas.

Integrantes do Programa Incorpora



Presentación Web SIL na Cofederación de Empresarios de A Coruña





Traballo social

## Traballo Social

Esta área ten como obxectivo promover o cambio social, a solución de problemas nas relacións humanas e o seu fortalecemento para incrementar a autonomía e independencia das persoas con discapacidade e as súas familias, se é o caso. Dende esta área intervénse nos puntos nos que as persoas con discapacidade e as súas familias interactúan coa súa contorna, acorde á misión, visión e valores de COGAMI.


### Servizo de Información, Asesoramento e Orientación

Conta con diferentes puntos de atención nas oficinas de COGAMI e nas asociacións membro; este servizo está formado por un equipo interdisciplinar para a resolución das consultas composto por profesionais con ampla experiencia segundo a temática, como:

- Asistencia persoal
- Formación e emprego
- Aspectos legais
- Accesibilidade
- Recursos sociais

En 2014 COGAMI respondeu **3.218 consultas**, distribuídas do seguinte modo:

	TOTAL
COGAMI	119
Asistencia Persoal	399
Educación	38
Voluntariado	38
C.E.E.	19
Axuda Domiciliaria	25
Dependencia	102
Certificado de Discapacidade	501
Emprego	304
Vivenda	62
Accesibilidade	291
Axudas Económicas	468
Centros Residenciais	34
Asociacionismo	112
Lecer	175
Autoemprego	66
Produtos de apoio	90
Formación	129
Outros	246
<b>TOTAL</b>	<b>3.218</b>



## **3.218 consultas atendidas**

Equipo que conforma a área de traballo social





Unha das accións que desenvolve o programa de Voluntariado



Charla de prevención de lesións medulares en A Mariña

## Xestión de Recursos

Hai persoas usuarias que demandan apoio á hora de presentar a solicitude dos diferentes recursos aos que teñen dereito. Neste sentido apórtase, non só un apoio de carácter informativo, senón que tamén se capacita ás persoas á hora de cubrir solicitudes, orientándolles cara ao organismo ao que deben dirixir a solicitude, e/ou realízase un acompañamento no proceso. En 2014 realizáronse **máis de 200 xestións de recursos**.

## Intervención social

O fin último do servizo acádase cunha metodoloxía de traballo que consiste na

realización dun conxunto de intervencións profesionais encamiñadas a fomentar o empoderamento das persoas con discapacidade, a promoción da autonomía e independencia, así como a participación en igualdade de oportunidades. Os niveis de intervención social dende os que traballamos son:

- Traballo e apoio social coas persoas con discapacidade, a nivel individual e persoal.
- Traballo e apoio social coas familias, se é o caso.
- Traballo e apoio grupal (aulas, cursos de formación a distancia, obradoiros prelaborais,...)
- Traballo coa comunidade, coordinando e colaborando con entidades e profesionais.



Acción de información, asesoramento e orientación cunha usuaria

## Áreas de actuación

<p><b>Muller:</b> a existencia continuada de discriminacións e prexuízos inxustificadas e invisibilizados privan ás mulleres con discapacidade da oportunidade de exercer os seus dereitos en igualdade de condicións.</p>	<p><u>Intervención Social continuada</u>, para a prestación de apoio social e familiar e a mobilización de recursos tanto públicos coma privados, potenciando e contando cos xa existentes na súa comunidade de orixe.</p>	173 mulleres e familiares
	<p><u>Recursos de apoio e acompañamento a vítimas de violencia</u>, prestando atención, acompañamento e apoio personalizado adecuado ás características de cada muller, traballando individual ou grupalmente, se é o caso.</p>	58 mulleres
	<p>Programa de <u>Mentorado</u>, onde unha persoa “mentora” acompaña no proceso de participación social á persoa “mentorada”.</p>	28 mulleres
	<p><u>Visibilizar a realidade da muller con discapacidade</u>: asistencia a actos referidos á muller.</p>	17 actos
<p><b>Menores/ Educación:</b> a intervención dirixiuse fundamentalmente cara á integración educativa obrigatoria e á defensa dos seus dereitos.</p>	<p><u>Menores e familias con idades entre 1 e 17 anos</u>. Intervención dirixida cara á integración educativa obrigatoria e a defensa dos dereitos de autodeterminación, integración, normalización e formación inclusiva, dereito á cota de reserva de praza... Outras actuacións foron dirixidas cara á atención temperá ou a actividades de lecer.</p>	7 menores e familiares
<p><b>Persoas con grande discapacidade:</b> xestiónase o servizo de Promoción da Autonomía Persoal, centrado no asesoramento de cara á autoxestión por parte da persoa usuaria e nas/nos asistentes persoais.</p>	<p><u>Servizo de Promoción da Autonomía Persoal: xestión da AP</u>. Implica intervir coas persoas con discapacidade e en situación de grande dependencia e dependencia severa; intervir coas súas familias, centrándonos na figura da cuidadora informal principal e coas persoas contratadas como asistentes persoais.</p>	55 usuarias/os e 65 asistentes persoais 54 visitas domiciliarias 1.264 seguimentos
	<p><u>Curso de informática e aplicacións especiais para persoas con grandes discapacidades</u></p>	4 persoas beneficiarias do curso
<p><b>Outras intervencións:</b> englobanse as actuacións encamiñadas á consecución de reforzo de habilidades sociais, mantemento do emprego, fomento da participación en actividades normalizadas, acompañamentos, acceso ou continuidade á formación, coñecemento de dinámicas familiares, apoio psicosocial,...</p>	<p><u>Reforzo de habilidades sociais, mantemento do emprego, fomento da participación en actividades normalizadas, acompañamentos, ...</u></p>	65 persoas
<p><b>Transporte Adaptado:</b> realízanse cursos de formación de <u>atención a persoas con discapacidade física</u> para persoal técnico de diferentes ámbitos, como empresas de transporte discrecional (condutoras/es e acompañantes de transporte adaptado).</p>	<p><u>Cursos de formación</u> de atención a persoas con discapacidade física para condutores, acompañantes do transporte adaptado.</p>	2 cursos e 46 persoas participantes
<p><b>Beneficio á Comunidade:</b> mantense un convenio de colaboración coa <u>Secretaría Xeral de Política Social</u> para a execución da medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade para menores de idade.</p>	<p><u>Prestación de servizos en beneficio á comunidade</u>.</p>	1 menor que cumpriu esta prestación na entidade



<p><b>Centros ocupacionais e aulas de educación de adultos:</b> desenvólvese un traballo conxunto coordinacións, reunións) coas/os profesionais dos servizos da comunidade (traballadoras/es sociais, educadoras/es, psicólogos/as, etc, dos servizos sociais de atención primaria municipais e de saúde), coas/os profesionais doutras entidades públicas ou do movemento asociativo para a prestación dos servizos ou realización de actividades.</p>	<p><i>Programa de apoio ao desenvolvemento integral das persoas con discapacidade,</i> desenvolvendo actuacións específicas encamiñadas á prestación de apoio social individual, familiar, grupal e comunitario como servizo complementario ás actividades do programa.</p>	<p>195 usuarias/os e 59 familias</p>
<p><b>Acordos de colaboración:</b></p>	<p><i>Proxecto Piloto Vive Libre, en colaboración con ATAM, de Telefónica.</i> A través dunha ferramenta tecnolóxica, procúrase dotar de autonomía a persoas con necesidades especiais, estando os seus familiares informados de posibles situacións críticas.</p>	<p>13 persoas beneficiarias e familiares</p>
<p><b>Proxectos específicos:</b> Plans de Atención Individualizada, orientados a persoas cun grao de discapacidade igual ou maior ao 75% ou cun grao menor pero que, polas súas características e/ou circunstancias persoais (con necesidade de terceira persoa, mobilidade reducida, sobreprotección familiar,...), precisen dun apoio que leva consigo a necesidade de realizar coa persoa determinadas accións previas á súa inserción (de formación, de emprego, para mellorar a súa autoestima, as súas habilidades comunicativas, de relación cos demais, de habilidades sociais en xeral). A fin última é lograr a inserción no mundo laboral.</p>	<p><i>Plans de Atención Individualizada,</i> orientados a persoas que precisen dun apoio que leva consigo a necesidade de realizar accións previas á súa inserción laboral.</p>	<p>39 persoas beneficiarias</p>

## Voluntariado

A Rede de Voluntariado de COGAMI nace a finais de 2001 coa finalidade de canalizar os proxectos de voluntariado que se desenvolven na organización. Dentro das liñas de actuación, destacamos os seguintes programas:

- Acompañamento e apoio ás persoas con discapacidade: dentro e fóra do domicilio, natación terapéutica, apoio educativo...
- Sensibilización e concienciación en temas de discapacidade.
- Formación básica e especializada en voluntariado e discapacidade, entre outras.

Durante 2014, comezaron a colaborar con nós un total de **100 persoas**, conformando a nosa bolsa de voluntariado un total de **636 persoas**, podendo afirmar que, como media, son **132 persoas voluntarias** as que participaron en actividades que benefician a máis de **7.000 persoas (persoas con discapacidade e as súas familias)**.

**Contamos cunha  
bolsa de  
voluntariado de  
636 persoas**

En 2014 leváronse a cabo estas actividades:

<p>Actividades COGAMI</p>	<p><i>Programas de Voluntariado de COGAMI.</i> consisten en: acompañamentos dentro e fóra do domicilio, actividades de lecer e deportivas, apoio nas actividades de rehabilitación, apoio educativo, reforzo de habilidades sociais, actividades de sensibilización e concienciación no eido da discapacidade, ...</p>	<p>132 persoas voluntarias e 4.864 persoas beneficiarias directas e indirectas</p>
---------------------------	--	--

Charlas e seminarios	<i>Seminario de Formación Básica en Voluntariado "Atención á Diversidade" en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela</i>	1 persoa voluntaria e 60 persoas beneficiarias
Programa de Vacacións	As persoas participantes gozaron de actividades de vela durante unhas vacacións que lles proporcionou unha experiencia de vida diferente, á par dun "respiro" ás familias e ás propias persoas beneficiarias do programa.	4 persoas voluntarias e 22 persoas beneficiarias

## Sensibilización e concienciación

Seguindo coas actividades de sensibilización levadas a cabo, realizáronse unha serie de actuacións dirixidas a sensibilizar e concienciar ao conxunto da poboación sobre diversos aspectos da discapacidade:

Campaña de prevención de lesións medulares	<b>30 charlas</b> nos colexios e institutos de 13 concellos de toda Galicia	asistiron 922 persoas
Campaña de concienciación e normalización da discapacidade	<b>8 charlas sobre aspectos psicosociais da discapacidade</b> , en colexios e institutos de 6 concellos distintos.	asistiron 204 persoas
	<b>22 xornadas de concienciación e normalización da discapacidade</b> , en 11 concellos de Galicia, nos seus IES, CEIP, Universidades, Fundacións e aulas dos Concellos.	asistiron 533 persoas



Accións de sensibilización a escolares



Accesibilidade




A área de Accesibilidade comezou a traballar en agosto de 2003 asesorando sobre axudas técnicas e lexislación de referencia. Dende xaneiro de 2004 desenvolve actividades propias de consultaría, asesorando, formando e elaborando plans de accesibilidade. Esta área ten como obxectivo **humanizar espazos e servizos** conforme a criterios de deseño universal.


## 291 consultas atendidas en accesibilidade

### Resultados Obtidos

A prestación do servizo de consultas a persoas, familias e entidades públicas e privadas mantén unha tendencia de crecemento afianzada no tempo. Durante 2014 **atendéronse 291 consultas**, incrementando en 27 con respecto ao ano pasado e, analizando os datos dende o inicio da área, as consultas incrementaron nun 31,72%.



A procedencia das consultas é coherente coa distribución demográfica da poboación, sendo as provincias de A Coruña e Pontevedra as principais demandantes do servizo. Cabe destacar a petición de información desde fóra de Galicia, referida principalmente ao turismo accesible.



Accésit no concurso de ideas para facer accesible o Parrote en A Coruña





Convenio coa empresa NEXOTED

## Proxectos desenvolvidos

- Xunta de Galicia, continuouse co Convenio de «Apoio e asesoramento integral en materia de accesibilidade».
- Deputación de Pontevedra, desenvolveuse o plan de accesibilidade para o complexo educativo Príncipe Felipe.
- Concello de Burela, realizouse acompañamento e asesoramento no proceso de

redacción da Ordenanza Municipal de Accesibilidade, debatida e aceptada no pleno do 27 de novembro.

- Concello de Sanxenxo, realizouse o plan de accesibilidade da praia de Baltar.
- Concello de Tomiño, fíxose a primeira fase do plan de accesibilidade para edificios públicos, torreiros máis principais vías urbanizadas.
- Ambientarte SL, implementouse o sistema de navegación accesible e descrición de imaxes en guías turísticas descargables en formato pdf.
- Estudio Nómada, avaliouse a accesibilidade no espazo urbano abranguido na convocatoria do concello de A Coruña «Concurso de ideas con intervención de xurado para a mellora da accesibilidade peonil á Cidade Vella máis a Muralla Histórica». O proxecto, realizado por Estudio Nómada, foi recoñecido cun accésit, sendo a primeira vez que a área de Accesibilidade participa nun certame deste tipo.
- Proxectos Propios, realizouse o asesoramento e seguimento nos proxectos dos locais das asociacións MISELA (Noia) e AGADHEMO (Vigo), da nova oficina COGAMI-Vigo, máis do novo edificio COGAMI-Mos.



Clase práctica do curso impartido á Confederación de ANPAS galegas



A área de accesibilidade asesorou no deseño e execución do centro de Vontade en Tomiño

## Campañas de colaboración

- Xunta de Galicia. Participación nas comisións de traballo convocadas para a redacción da nova Lei 10/2014 de Accesibilidade, promulgada no DOG nº 241 do 17 de decembro do 2014.
- Concello de A Coruña, membro do GAC (Grupo Acceso Coruña) e participación nas

xornadas técnicas de formación aos técnicos municipais.

- Concello de Burela, membro da Comisión Municipal de Accesibilidade.
- Concello de Vigo, membro do Consello de Accesibilidade.
- Nexoted, doazón a COGAMI de dúas cadeiras de rodas deportivas deseñadas para a práctica do tenis adaptado.



Participación en Vigo na xornada da Semana Europea da Mobilidade



Estudo de accesibilidade de paseos da cidade de Pontevedra



Lecer

O lecer é necesario para acadar o benestar e as condicións en que se realiza deben satisfacer as necesidades de todas as persoas, sen exclusións e sen discriminacións, garantindo o exercicio deste dereito.

Dende as asociacións membro, federacións e centros de COGAMI, foron moitas as actividades desenvolvidas destacando saídas e excursións, encontros, festivais, xornadas de pesca, deportivas, convivencias,...

COGAMI conta cunha área de Lecer que se encarga tanto de organizar actividades como tamén de colaborar co patrocinio ou subvención doutras entidades ou organismos, como tamén, capta actividades que son organizadas por outras entidades ou na propia administración e que resultan interesantes para as persoas con discapacidade.

Na área de Lecer desenvolvéronse durante 2014 un total de 69 actividades nas que participaron un total de 823 persoas con discapacidade.

## ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POR COGAMI

PROXECTO GAVEA: Nace en 2002 co propósito de fomentar a participación das persoas con discapacidade en actividades náutico-deportivas, derribando as barreiras que impiden o uso do medio mariño. O punto de partida do proxecto foi a incautación ao narcotráfico, pola Audiencia Nacional, do veleiro Laion, de 13 metros de eslora e con capacidade para 10 persoas e dotado de mecanismos que lle facilitan o embarque e navegación a persoas con mobilidade reducida.

DATA	ACTIVIDADE	LUGAR
2 e 3 de xullo	Bautismos de mar	Ribadeo
Do 6 ao 13 de xullo	Bautismos de mar- I Travesía Náutica Xacobeá	De Ribadeo a Cabo de Cruz
Do 13 ao 20 de xullo	Bautismos de mar	De Cabo de Cruz a Ares
22 de xullo	Escola de Vela. Iniciación á vela lixeira	Camariñas
Do 29 ao 31 de agosto	Bautismos de mar- Regata S.A.R. Infanta Elena	A Coruña
Do 12 ao 14 de setembro	Bautismos de mar	Ares
Do 16 ao 18 de setembro	Bautismos de mar por persoas usuarias do CPAP (Centro de Promoción da Autonomía Persoal do IMSERSO en Bergondo)	Sada

Participantes na escola de vela do Real Club Náutico de Sanxenxo



Participantes en bautismos de mar a bordo do Laion (Proxecto GAVEA)





Actividades deportivas desenvolvidas na Escola de Tenis Marinada



Escola de Tenis en Outes

## **823 persoas participaron en actividades de lecer**

**Máis de 3.500 persoas** tiveron a oportunidade de achegarse aos segredos da vela dende os comezos do proxecto no ano 2002, entre participantes, monitores, acompañantes e tripulación voluntaria; conformando, nesta edición 2014, un total de **223 participantes**, á marxe do elevado número de persoas voluntarias que colaboraron con nós.

**PROGRAMA DE LECER NÁUTICO:** En colaboración coa Fundación Mapfre e o Real Club Náutico de Sanxenxo, levamos a cabo un programa de lecer náutico centrado en achegar o deporte da vela ás persoas con discapacidade, conxugando, por unha banda, un curso de iniciación á vela de 20 horas de duración e, por outra, un programa de vacacións coa finalidade proporcionar unha experiencia de vida diferente, nun ambiente novo, cun programa de actividades o suficientemente flexible para poder adaptalo ás necesidades de cada persoa, proporcionando un respiro para a familia e a persoa con discapacidade en relación á propia familia. Desenvolvéronse **11 quendas** de 5 días de duración nas que **participaron 183 persoas**.

**ESCOLAS DE TENIS ADAPTADO:** En colaboración coa Federación Galega de Tenis traballamos na posta en funcionamento de Escolas de Tenis, achegando o deporte do tenis ás persoas con discapacidade. En 2014 desenvolvemos unha nova escola en A Serra de Outes e comezamos a traballar na posta en marcha doutra a maiores, participando un total de **71 persoas**.

**XORNADA MULTIDEPORTIVA:** O 15 de abril, **28 persoas** usuarias do centro de recursos de persoas con discapacidade de Fingoi tiveron a oportunidade de achegarse a actividades deportivas como a boccia e o slalom que impartía a Federación Catalá de Deportes de Persoas con Discapacidade Física.

**XORNADA DE KÁRATE INCLUSIVO:** O pasado 3 de decembro organizamos, en colaboración coa Federación Galega de Kárate, unha xornada na que participaron 8 persoas con discapacidade da Asociación AMICO e máis dunha quincena de karatekas.

**HIPOTERAPIA / EQUITACIÓN ADAPTADA:** Nos meses de outubro, novembro e decembro un grupo de **13 persoas** de COGAMI- Coruña, co apoio da subvención concedida polo Concello de A Coruña, participaron nunha actividade de hipoterapia / equitación adaptada nas instalacións da Real Sociedade Deportiva Hípica A Coruña en Morás (Arteixo).



Xornada de boccia en Lugo



Xornada de Karate en Santiago

## Actividades doutras entidades nas que participou COGAMI

DATAS	ENTIDADE	ACTIVIDADE	LOCALIZACIÓN	PARTICIPANTES
20 de febreiro	AMICO	Xornada de presentación da Escola de Pádel	Club Let Pádel Ames	4 persoas
5 de marzo	ÁMBAR	Teatro (Compañía Blanca Marsillach)	A Coruña	16 personas
do 10 abril ao 12 de xuño	COGAMI CORUÑA	Curso de Hípica (RSD Hípica de A Coruña concello de A Coruña)	Morás (Arteixo)	3 personas
8 de maio	ADISBISMUR	IV Open Internacional cidade de A Coruña de tenis en cadeira de rodas- Xornada Multideportiva (Escola de tenis Marineda)	Cambre	52 persoas
9 de maio	AMICO ÍNTEGRO			16 persoas
4 de xuño	ADISBISMUR AMICO CRD MONTEPORREIRO	Día da Fundación Decathlon- Xornada Multideportiva	Santiago de Compostela	71 persoas
26 de xuño	AMICO	Xornada de Sendeirismo (Fundación Deporte y Desafío)	Santiago de Compostela	11 persoas
27 de setembro	ADISBISMUR AMICO APROM CARIÑO AFFOU DISVALIA ALGARIA DISCAFIS COGAMI IBERDROLA RCNS	Día do Voluntariado de Iberdrola	Real Club Náutico de Sanxenxo	124 persoas



Innovación e mellora



## PROXECTOS

Pola súa propia natureza e misión, COGAMI ten que cumprir as expectativas dos seus principais grupos de interese e darlles respostas. Moitas veces é tal o dinamismo que estamos a intentar adiantar respostas antes de que se formulen as preguntas. Tanto que a innovación é un dos nosos valores de xestión. Para innovar hai que ter ideas e esas ideas teñen que converterse en proxectos para poder formular a actividade/servizo ou resposta que queremos ofrecer e buscar a maneira de facelo e financeiro.

En 2014 presentamos 63 proxectos, sendo líderes en 47 e socios no resto. Destes proxectos foron aprobados 19 e 14 aínda están pendentes de resolver.

Os proxectos aprobados e desenvolvidos ao longo deste ano están enmarcados nos seguintes ámbitos de actuación:

- *Formación e emprego*
- *Promoción da autonomía persoal*
- *Información, asesoramento e orientación*
- *Prevenición da discapacidade e saúde*
- *Lecer*

- *Muller con discapacidade*
- *Igualdade de xénero*
- *Voluntariado*

## COGAMI presentou 63 proxectos

Ao longo deste ano rematamos o desenvolvemento de dous proxectos de carácter transnacional financiados pola Unión Europea, o **“We are Able to Work 2020”**, desenvolvido xunto con entidades socias de Grecia, Italia, Lituania e España e o **“Include Us!- Employ us”**, liderado por unha entidade romanese e no que participaron entidades de 8 nacionalidades diferentes. Estes proxectos estaban relacionados coa mellora da empregabilidade da mocidade con discapacidade.

Ao mesmo tempo, continuamos co proxecto europeo **“Creative Ways”** xunto con entidades socias de Alemaña, Malta e Turquía, co que estamos a explorar as posibilidades que pode ofrecer o teatro como ferramenta de desenvolvemento persoal, e no que están a participar 5 dos nosos centros. Nesta liña, puxemos tamén en marcha o proxecto **Artability**, tamén financiado pola UE, no que



Participación de COGAMI no Congreso sobre Discapacidade organizado pola Fundación Develop



Xuntanza do Club de Avaliadores Sociais

persoas con discapacidade que asisten aos centros de COGAMI en Mos e en Lugo, están explorando as súas habilidades artísticas como medio para a mellora da súa autonomía persoal, e intercambian as súas experiencias con persoas de Grecia, Italia e Lituania.

Ademais, dende a área de Proxectos prestouse apoio ás federacións provinciais e ás asociacións membro de COGAMI en 9 ocasións para a preparación de diversos proxectos, obtendo a aprobación para 6 deles, e estando 1 pendente de resolver.



Intercambio en Grecia a través do proxecto Able 20



Participantes do programa Include Us!- Employ us reuníronse en Rumanía

## Calidade

Ao longo de 2014 COGAMI seguiu a reforzar a súa aposta pola mellora continua e a innovación, co obxectivo de xerar cambios que proporcionen maior valor á organización e aos seus grupos de interese. Durante este ano destacamos as seguintes actividades:

- A posta en marcha dunha plataforma colaborativa como a nova intranet da organización.
- Aplicación da metodoloxía de xestión por obxectivos.
- Documentación do proceso de xestión económica, financeira e fiscal.
- Participación activa no Club de Avaliadores Sociais EFQM promovido pola FUNDACIÓN DEVELOP.


- Participación no grupo de traballo “Nuevas fuentes de financiación en las ONG” promovido pola FUNDACIÓN DEVELOP, e que deu lugar á publicación dun libro co mesmo título en novembro do 2014.

## Cursos de formación continua

Para garantir a calidade nos servizos prestados, COGAMI ofrece formación continua ao seu cadro de persoal como un proceso clave na profesionalización. En 2014 impartíronse 13 accións formativas nas que participaron 196 profesionais da entidade.



Visita a COGAMI de integrantes do programa Artibility



Comunicación e relacións  
institucionais



Terceira edición dos premios COGAMI

COGAMI está dotada dunhas canles de comunicación interna e externa a través das que se intenta dar a coñecer as actuacións e reivindicacións da entidade. A Área de Comunicación encárgase de difundir o labor de COGAMI ao persoal laboral, persoas usuarias e familias, entidades membro, grupo de empresas, financeiros, colaboradores e resto da sociedade a través das ferramentas que ten operativas a organización.

## COMUNICACIÓN EXTERNA

- **Páxina web:** A páxina web de COGAMI ([www.cogami.es](http://www.cogami.es)) recibiu durante o ano 2014 un total de **89.213 visitas**, sendo novas o 44%.
- **Difusión nos medios:** Dentro da comunicación externa, é importante a difusión que nos fan os medios de comunicación galegos, alcanzando este ano as **2.389 difusión**s nos medios impresos, dixitais e audiovisuais. Desde COGAMI enviamos a estes medios 118 notas de prensa das que se publicaron o 90,7%.
- **O Boletín:** Seguimos publicando trimestralmente O Boletín, cunha **tirada de 1.200 exemplares** que se envían por correo postal ao persoal laboral da entidade, entidades membro, persoal do grupo de empresas, voluntariado, Xunta, Deputacións, Concellos, Deputados galegos no Congreso. É posible ver O Boletín na web de COGAMI tanto en galego como en castelán, ademais das redes sociais.
- **Blog:** O blog de COGAMI ([cogami.blogspot.com](http://cogami.blogspot.com)) serve para contar esas historias persoais ou profesionais de persoas usuarias da entidade. Contou en 2014 con **6.875 visitas**.
- **Eventos:** En 2014 realizamos os seguintes eventos:
  - A segunda edición dun **concurso de fotografía** que lanzamos co gallo do Día da Discapacidade a través da rede Social Facebook. Nesta ocasión participaron 14 fotografías, resultando a gañadora dunha fin de semana nun balneario a que máis Me Gusta obtivera. Este concurso rexistrou un total de 1.701 votos, 118 comentarios e 6.428 visualizacións.



O tenista Martín Varela posa no photocall de COGAMI no Día da Discapacidade



Xornada vehículos adaptados en Santiago

- **Día da Discapacidade** foi en A Coruña, invitados pola Fundación Abrente, participamos no proxecto #enkiCoruna coa instalación dunha mesa informativa e dun photocall no que a xente posaba con mensaxes inclusivas en fotos que enviamos ao Facebook de COGAMI.
- Organizamos en Santiago a **presentación do libro *Avanzar en mi INdependencia*** de Tomás Castillo que trata sobre a nova visión da discapacidade.
- Organizamos unha **exposición de vehículos adaptados** coas últimas

novidades do mercado e que trouxo a Santiago a empresa Adaptamóvil.

- Colaboramos na organización da **I Xornada Científica de Linfedema** realizada en Galicia a través da Asociación Galega de Linfedema.

En 2014 tamén iniciamos unha rolda de entrevistas cos directivos e directivas da prensa galega, logrando xuntanzas coas direccións de TVG, La Región, El Progreso, Atlántico Diario, La Región e La Opinión de A Coruña.



Presentación do Libro de Tomás Castillo



Convenio con BBVA



Xuntanza coa Directora da TVG

## COMUNICACIÓN INTERNA

- **Asesoramos e colaboramos coas entidades membro** de COGAMI en materia de comunicación, organizando durante 2014, xunto coa área de Fortalecemento do movemento asociativo, o acto de inauguración do centro de recursos de Boimorto da asociación Amarai e tamén colaboramos no desenvolvemento da asemblea ordinaria da asociación Cegasal.
- Enviamos quincenalmente un **Newsletter**, a Gaceta Dixital, a todo o persoal laboral e

movemento asociativo con información sobre concursos, convocatorias e actividades de interese común.

## Redes Sociais



COGAMI conta con 3.815 persoas seguidoras e un alcance das publicacións que chegaron a contabilizar 900.659 visualizacións.




@COGAMI\_Galicia ségueno 1.512 persoas e durante 2014 publicou 543 tweets.





Xuntanza co Presidente da Xunta




Xuntanza co Alcalde de Vigo

 ten 1.574 contactos e o grupo de formación e emprego conta con 146 membros que participaron en 134 debates.

 dentro das redes que ten COGAMI operativas é a máis lenta en conectar con seguidores, aínda así ten 118 amizades.

 os vídeos subidos a esta canle lograron que en 2014 se viran 4.742 veces.

 aglutina todas as entrevistas de audio que as radios realizan aos dirixentes de COGAMI. Contou en 2014 con 541 descargas.

## Colaboracións

- **AGARESO:** A área de comunicación de COGAMI colabora coa Asociación Galega de

Reporteiros Solidarios participando en seminarios como o que se impartiu en Santiago sobre Xornalismo Social e Cooperación Internacional.

- **EAPN Galicia:** En 2014 colaboramos máis estreitamente e entramos a formar parte da área de comunicación de Rede Galega contra a Pobreza, entidade da que forma parte COGAMI, participando na campaña do IRPF e tamén na de #dereitos365.

## Relacións institucionais:

COGAMI aposta por establecer un funcionamento coordinado entre as administracións e o movemento asociativo das persoas con discapacidade. Por isto, forma parte de redes de traballo con **CEGASAL** (Asociación



Participación no Seminario de AGARESO



Presentación da campaña IRPF da declaración da renda





Convenio co concello de Porriño



Xuntanza coa Secretaría Xeral de Igualdade

Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro), **CERMI-GALICIA** (plataforma política que agrupa a entidades da discapacidade física, sensorial, intelectual e enfermidade mental), **COCEMFE** (Coordinadora Estatal de discapacidade física e orgánica) e **EAPN-GALICIA** (Rede Europea contra a pobreza e a exclusión social).

As colaboracións tanto coa Administración Pública como co sector privado son fundamentais para poder desenvolver os diferentes servizos que prestamos. En 2014 asináronse un

total de **58 alianzas** que engloban contratos e convenios de colaboración con entidades do terceiro sector, fundacións, empresas privadas, administración pública,... e que comprenden dende prácticas, ata apoio financeiro, de material, de medios humanos, colaboracións en actos, actividades e programas, etc.

Outro cometido da Confederación é o de acudir e participar en eventos, congresos, seminarios, feiras, charlas,... como medios propicios para difundir o noso labor ao resto da sociedade.



Convenio co concello de Ferrol



Convenio coa Deputación de Pontevedra



Actividades vinculadas  
á economía social

COGAMI participa maioritariamente en Galega de Economía Social como socio fundador da empresa matriz do grupo mercantil.

Durante 2014 produciuse un cambio no grupo de accionistas da empresa matriz, estando actualmente formado na súa maioría por COGAMI e por dous fondos de capital risco xestionados por Xesgalicia, ostentando entre os dous algo menos do 14% das participacións do grupo.

A organización empresarial está constituída por nove centros especiais de emprego (CEE) que operan en sectores estratéxicos de actividade e

que compiten con outras empresas que se caracterizan por estar fortemente profesionalizadas e rexerse por principios puramente económicos.

Este ano 2014 caracterizouse pola evolución económica desfavorable daqueles CEE que teñen un maior peso nos resultados da organización e tamén se detectaron signos leves de melloría noutros que contribúen, en menor medida, á recuperación da estabilidade económica do conxunto.

En termos xerais, podemos dicir que o contexto estivo marcado pola baixada da cifra de negocio



Traballador da empresa Dixardín



Sinatura convenio da empresa de xardinería Dixardín co concello de Cabana de Bergantiños



Convenio co concello de Porto do Son

e polo permanente axuste das marxes, afectando de xeito importante nas previsións de facturación e resultados comerciais planeados.

Algunhas empresas tiveron a necesidade de reorientar as estruturas organizativas e comerciais, tomando fortes medidas de reaxuste que permitan competir nun contexto económico de caída de consumo e redución de marxes.

A consolidación e mantemento dos centros especiais de emprego ten como obxecto a sostibilidade económica das empresas, tendo como base a xeración de emprego estable, a través das empresas actuais, e tendo en conta a oportunidade de novos proxectos empresariais como ferramentas para a inclusión laboral e social das persoas con discapacidade.

### Evolución das empresas

En 2014 traballouse no desenvolvemento de procesos encamiñados á mellora da xestión, da produtividade e da competitividade, como tamén do posicionamento comercial nos mercados e na

mellora da imaxe de marca. Para a mellora dos resultados actuais, Galega de Economía Social apostou pola mellora continua, a eficiencia nos procesos e pola formación.

Atendendo á evolución económica e financeira, ademais do anteriormente exposto, o grupo de empresas prevé pechar o ano cun volume agregado de facturación de 15,5 millóns de euros, unha baixada do 3,5% con respecto ao volume acadado no ano anterior. O volume de activos estimado a peche é de 16 millóns de euros. Por outra banda, acometéronse os investimentos necesarios que permiten a continuidade das estratexias adoitadas por preto de 750 mil euros.

### Evolución do emprego nas empresas

O cadro de persoal do conxunto dos nove CEE con actividade, está formado por 390 persoas traballadoras, das que máis do 90% teñen discapacidade. A evolución do emprego caracterizouse pola necesidade de facer fortes



Traballador da empresa Coregal



Xornada de destrolling en Trameve



reaxustes vencellados ao afianzamento da viabilidade das distintas iniciativas, apostando deste xeito por estruturas de emprego máis sólidas e profesionais.

### Subvención e axudas financeiras percibidas polas empresas

Ademais das subvencións á explotación recibidas pola propia condición de CEE, dende o Departamento Financeiro xestionouse unha subvención para a execución de investimentos vencellada á xeración de postos de traballo na empresa Artegalia, S.L., que foi concedida pola Consellería de Traballo e Benestar, por un importe de 18 mil euros.

### Área fondos propios

COGAMI inicia en 2013 unha área de negocio que se denomina Fondos Propios e que durante 2014 foi asentando a súa actividade, estabilizando os servizos xa iniciados e pensando en novos retos para vindeiros anos.

Liñas de produto que forman parte de Fondos Propios:

### Activa Social ETT

Empresa de Traballo Temporal que comezou a operar na provincia de A Coruña e que actualmente presta servizos de contratación temporal de persoas con discapacidade en toda Galicia e conta con instalacións en Compostela e Vigo. Chegou a dar traballo a 47 persoas con discapacidade, das cales o 10,6 % pasaron a formar parte do cadro de persoal da empresa usuaria.

A cifra de facturación de ACTIVA SOCIAL superou os 170.000 euros, conta con 20 empresas cliente froito dun labor comercial de máis de 200 visitas a empresas.

### Combina Social

Creada en 2009 para inserir a persoas con discapacidade a través da realización de servizos auxiliares a empresas (limpeza, conserxería, loxística, control de accesos, servizos de consultaría, servizos sociosanitarios, etc). O número de clientes que contratou os servizos de



Para dar a coñecer os servizos, levouse a cabo un esforzo comercial que derivou en **343 visitas comerciais** e participouse en diversos eventos de networking, xornadas con asociacións de empresarios, eventos do terceiro sector, premios AESGAL, asistencia a presentacións de proxectos, participación en feiras e congresos, entre outros.

COMBINA SOCIAL superou os 30, contribuíndo a que o importe neto da cifra de negocios fora de 1.755.190 €.

Destaca o servizo de consultaría en Accesibilidade que, a través de proxectos tanto público coma privados, permitiu facturar máis de 264.000 euros.



Transporte adaptado

COMBINA SOCIAL contou en 2014 con 104 persoas traballadoras, o 92% con discapacidade. O cadro de persoal ascendeu un 33% en comparación co exercicio anterior.

## Formación

A área de formación realizou 25 visitas comerciais para acadar acordos con outras entidades e organizacións e, tamén, para abrir o labor formativo de COGAMI ao público en xeral. En 2014 realizou: 9 homologacións de aulas AFD para ampliar especialidades, plans de formación privados para empresas, organización e impartición de cursos para entidades públicas e privadas, xestión de convenios de colaboración con empresas de formación, organización de cursos de especialización propios e organización e posta en marcha do primeiro curso privado para público en xeral, para a obtención do certificado de profesionalidade de "Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais".

## Promoción da autonomía persoal

Co obxectivo de incrementar o benestar e calidade de vida das persoas maiores, realizamos nos concellos de Nigrán e Tomiño **Programas específicos nas áreas Cognitiva,**

**Física e Relacional,** realizando obradoiros de memoria, ludoterapia, ximnasia terapéutica, exercicios ao aire libre, obradoiros de hábitos saudables, de expresión corporal, psicomotricidade, risoterapia, prepilates, exercicio físico coa WII, escola de costas e risoterapia.

COGAMI dende o ano 2007 xestiona o servizo de **asistencia persoal** que ten por finalidade a promoción da autonomía das persoas beneficiarias do servizo, podendo ter a oportunidade de acceder á educación, traballo e ter o control da súa vida. En 2014 COGAMI coordinou a 94 asistentes persoais e a 55 persoas usuarias, unhas cifras que dende 2007, ano no que inicia este servizo, engloban a máis de 350 asistentes persoais e máis de 70 persoas usuarias.

## Centros de día para persoas maiores

COGAMI comezou a mediados de 2010 a xestionar centros de día de titularidade pública do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, chegando en 2014 a ter a concesión de 10 centros (Baiona, Begonte que rematou a xestión en setembro, O Porriño, Rois, Tomiño, Coia en Vigo, Vilagarcía, Xinzo de Limía, Valadares en Vigo, Mondariz) máis 1 de titularidade municipal en Porto do Son. En total xestionáronse 392 prazas.

Os centros de día para persoas maiores son centros xerontolóxicos socio-terapéuticos e de apoio ás familias que, en horario de 8.00 a 20.00 horas, prestan atención terapéutica ás persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela, promovendo a súa autonomía persoal, as relacións persoais e a permanencia no ambiente habitual.

### Perfís das persoas usuarias

Persoas con idade avanzada, de entre 80 e 84 anos, adoita ser o perfil das persoas usuarias dos centros de día xestionados por COGAMI. En total, a 31 de decembro, os centros contaron con **348 persoas usuarias**, das que **84 son homes e 264 son mulleres**.

	Prazas ocupadas	%	Prazas totais
Baiona	20,5	100	20,5
Mondariz	30	100	30
O Porriño	39	97,5	40
Rois	38,5	96,3	40
Tomíño	39	97,5	40
Coia	69	98,6	70
Vilagarcía	9	90	10
Xinzo de Limia	27,5	91,7	30
Porto do Son	10,4	25,9	40
Valadares	33	79,5	41,5
<b>TOTAL</b>	<b>315,9</b>	<b>87,3</b>	<b>362</b>

### Programas e Servizos

Co fin de garantir as necesidades de cada unha das persoas usuarias dos centros de día, establécense programas ou actividades terapéuticas para a mellora dos niveis cognitivo, funcional, psicoafectivo e relacional. Tamén, co desenvolvemento de programas individuais, se posibilita a atención personalizada, variando as terapias en función das persoas.

### Equipos de traballo

Están formados por persoal técnico como Dirección Técnica/Coordinación, Traballadoras/es Sociais, Terapeutas Ocupacionais, Psicólogas, Educadoras Sociais, Enfermeiras e Fisioterapeutas, persoal xerocultor e persoal de atención directa e persoal de servizos. O total do cadro de persoal ascende a 118 persoas traballadoras (89% mulleres e 11% homes), das que o 37% son persoas con discapacidade.





Memoria económica



O conxunto de actividades desenvolvidas durante o exercicio 2014 tivo unha repercusión sobre a conta de resultados e patrimonio da entidade que expoñemos a continuación:

## 1.1 INGRESOS, GASTOS E INVESTIMENTOS

INGRESOS	2014	2013
<b>1. Prestacións de servizo</b>	<b>3.469.462,57</b>	<b>3.226.605,63</b>
<b>2. Subvencións e ingresos afectos á actividade</b>	<b>3.218.821,58</b>	<b>3.272.722,36</b>
<b>3. Outros ingresos explotación</b>	<b>108.246,50</b>	<b>99.543,29</b>
<b>4. Subvs/doaz/legs.de cap. traspasadas a rdo.</b>	<b>210.885,94</b>	<b>156.124,29</b>
<b>5. Ingresos financeiros</b>	<b>29,64</b>	<b>46,46</b>
<b>TOTAL</b>	<b>7.007.446,23</b>	<b>6.755.042,03</b>

GASTOS	2014	2013
<b>1. Aproveccionamentos</b>	<b>-1.733.273,39</b>	<b>-1.715.169,92</b>
a) Consumo de mercadorías	-116.805,04	-97.245,91
b) Consumo de materias primas e outras mat.		
c) Traballos realizados por outras empresas	-1.408.455,09	-1.388.713,06
d) Axudas monetarias e outros	-208.013,26	-229.210,95
<b>2. Gastos de persoal</b>	<b>-4.397.395,96</b>	<b>-4.028.320,48</b>
a) Soldos, salarios e auxiliares	-3.589.450,16	-3.276.231,54
b) Cargas sociais	-807.945,80	-752.088,94
<b>3. Outros gastos de explotación</b>	<b>-715.759,04</b>	<b>-690.143,09</b>
a) Servizos exteriores	-705.323,90	-669.173,24
b) Tributos	-6.142,19	-8.645,82
c) Perd, det. variac. de prov. por oper .comerciais	0	-9.526,61
d) Outros gastos de xestión corrente	-4.292,95	-2.797,42
e) Perdas por deterioro de créditos op. Comerciais		
<b>4. Amortización de inmovilizado</b>	<b>-272.287,76</b>	<b>-209.009,06</b>
<b>5. Gastos financeiros</b>	<b>-26.142,27</b>	<b>-25.477,62</b>
<b>6. Resultado enaxenacións inmovilizado e dotac. provisións inst. financeiros</b>	<b>34.200,00</b>	<b>1.818,87</b>
<b>TOTAL</b>	<b>-7.110.658,42</b>	<b>-6.666.301,30</b>
<b>RESULTADOS ANTES DE IMPOSTOS</b>	<b>-103.212,19</b>	<b>88.740,73</b>
<b>8. Imposto sobre beneficios</b>	<i>(pte cálculo)</i>	<b>-1.535,38</b>
<b>AFORRO EXERCICIO</b>	<b>-103.212,19</b>	<b>87.205,35</b>



Durante o ano 2014 leváronse a cabo investimentos nos seguintes activos:

INVESTIMENTOS	2014
1. Construcións	888.444,11
2. Outras instalacións e utilaxe	1.108,53
3. Mobiliario	1.014,75
4. Equipos para procesar información	14.815,86
5. Outro Inmobilizado material	-
6. Construcións en curso	537.207,20
7. Elementos de transporte	52.363,00
<b>TOTAL</b>	<b>1.442.590,45</b>

Para levar a cabo estes investimentos, recibíuse financiamento polos seguintes importes:

FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS	2014
Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad	400.000,00
Xunta de Galicia	
Fundacións	438.647,00
Deputacións	40.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>878.647,00</b>



Para a realización das actividades contouse co apoio financeiro da administración e entidades privadas, que podemos distribuír do seguinte xeito:

FINANCIAMENTO ACTIVIDADES	2014
Administración Pública Autonómica	2.717.369,08
Administración Pública Local	100.811,11
Administración Pública Estatal	10.452,93
Administración Pública Europea	29.844,87
Administración Pública Provincial	33.920,67
Fundacións Privadas	240.488,30
Financiamento propio (Asistencia persoal + servicios + outros)	3.979.749,41
<b>TOTAL</b>	<b>7.112.636,37</b>

Tamén podemos clasificar a suma destes dous tipos de financiamento do ano 2014 da seguinte maneira:

TIPO DE FINANCEIRO	2014	%	2013	%
1 ADMINISTRACIÓN PÚBLICA ESTATAL	410.452,93	5,16%	153.997,26	2,17%
2 ADMINISTRACIÓN PÚBLICA AUTONÓMICA	2.717.369,08	34,18%	2.601.127,84	36,72%
3 ADMINISTRACIÓN PÚBLICA PROVINCIAL	33.920,67	0,43%	118.302,08	1,67%
4 ADMINISTRACIÓN PÚBLICA LOCAL	100.811,11	1,27%	100.495,02	1,42%
5 OBRAS SOCIAIS + FUNDACIÓNS PRIVADAS	679.135,30	8,54%	649.601,70	9,17%
6 FINANCIAMENTO PROPIO	3.979.749,41	50,05%	3.451.584,95	48,73%
7 ADMINISTRACIÓN PÚBLICA EUROPEA	29.844,87	0,38%	7.680,33	0,11%
<b>TOTAL</b>	<b>7.951.283,37</b>	<b>100,00%</b>	<b>7.082.789,18</b>	<b>100%</b>


Gráficamente:


**POR TIPO DE FINANCIAMIENTO:**

TIPO DE FINANCIAMIENTO	2014	%	2013	%
PÚBLICA	3.292.398,66	41,41%	2.981.602,53	42,10%
PRIVADA	4.658.884,71	58,59%	4.101.186,65	57,90%
<b>TOTAL</b>	<b>7.951.283,37</b>	<b>100,00%</b>	<b>7.082.789,18</b>	<b>100,00%</b>



Graficamente:



Ao mesmo tempo, durante o ano 2014 e principios de 2015, recibíronse subvencións para o financiamento das inversións a acometer durante o ano 2015 polos seguintes importes:


ACTIVO	2014	2013
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>	<b>9.810.572,90</b>	<b>9.442.815,88</b>
I. Inmobiliado intanxible	528.754,52	557.392,52
III. Inmobiliado material	4.184.320,20	3.820.625,40
V. Inversións en ent. gpo. e asociadas a L/P.	5.092.331,03	5.062.271,03
VI. Inversións financeiras a longo prazo	5.167,15	2.526,93
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>	<b>3.369.847,87</b>	<b>3.174.687,55</b>
I. Existencias	3.125,00	3.125,00
II. Usuarios e outros debedores da act. propia	13.310,82	14.384,40
III. Debedores comerciais ou outras ctas. a cob.	3.030.650,33	2.907.788,90
1. Clientes, vendas e prestación de servizos	2.345.263,90	2.358.505,39
2. Clientes, ent. do grupo e asociadas.	6.510,83	6.510,83
3. Outros debedores	678.875,60	542.772,68
IV. Inversións en ents. grupo e asoci. C/P.	165.804,16	113.167,29
V. Inversións financeiras a curto	70.000,00	30,84
VI. Periodificacións a curto prazo	2.501,75	1.761,46
VII. Efectivo e outros activos líquidos equival.	84.455,81	134.429,66
<b>TOTAL ACTIVO</b>	<b>13.180.420,77</b>	<b>12.617.503,43</b>

PASIVO	2013	2012
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>	<b>9.537.488,72</b>	<b>9.171.637,95</b>
A-1) Fondos propios	4.287.778,62	4.311.197,79
I. Dotación fundacional/Fondo social	4.356.697,42	4.178.723,52
1. Dotación fundacional/Fondo social	4.356.697,42	4.178.723,52
II. Reservas	-33.625,30	-28.907,89
III. Resultados de exercicios anteriores	67.918,69	70.595,61
V. Resultado do exercicio	-103.212,19	90.786,55
(A-2) Subvencións, doaz, legados outros ax. en PN	5.249.710,10	4.860.440,16
<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>	<b>5.040,32</b>	<b>34.670,98</b>
II. Débedas a longo prazo	5.040,32	34.670,98
1. Débedas con entidades de crédito	0,00	6.265,13
3. Outras débedas a longo prazo	5.040,32	28.405,85
<b>C) PASIVO CORRENTE</b>	<b>3.638.017,21</b>	<b>2.816.518,80</b>
II. Débedas a curto prazo	2.631.908,99	2.160.459,83
1. Débedas con entidades de crédito	526.306,50	1.138.517,70
5. Outros pasivos financeiros	2.105.602,49	1.021.942,13
III. Débedas con ents. grupo e asoci. a curto prazo	275.030,68	0,00
IV. Beneficiarios- Acredores	87.618,92	9.399,98
V. Acredores comerciais e outras ctas. a pagar	644.193,06	645.894,99
1. Provedores	192.861,43	304.814,67
2. Outros acredores	451.331,63	341.080,32
VI. Periodificacións a curto prazo	-734,44	764,00
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO PASIVO</b>	<b>13.180.546,25</b>	<b>12.022.827,73</b>

NOTA: A memoria económica pode ter algunha modificación ocasionada polo proceso dunha auditoría externa. Os datos económicos definitivos e auditados estarán colgados na páxina web de COGAMI [www.cogami.es](http://www.cogami.es), seguindo a Lei de transparencia e bo goberno da entidade.



Asociacións Membro



## AGADHEMO



A Asociación Galega de Hemofilia realizou en 2014 actividades como a **Hemoescuela**: talleres de formación para nais e pais de nenos e nenas con hemofilia e/ou outras coagulopatías conxénitas (este ano tamén se fixeron talleres para persoas adultas con hemofilia); o programa **SaludItinere**, que presta o servizo de tratamento domiciliario; o **SAIP**, que é un servizo de atención e información permanente; o programa **AtendHemos**, que presta servizo na zona rural. Este ano iniciou tamén un proxecto de cooperación internacional coa Fundación Nacional de Hemofilia Bolivia de Hemofilia (FUNAHEB). Agadhemo colabora activamente nas actividades que a Federación Nacional de Hemofilia desenvolve, organizando este ano unhas xornadas en Sanxenxo a través de COGAMI para rapazas e rapaces con hemofilia de toda España. O ano rematou cunha festa infantil para nenos e nenas socias da entidade. Actualmente Agadhemo ten 225 persoas asociadas de dereito e 156 colaboradoras.

Tlf: 981 299 055 Fax 981 113 545  
e-mail: [asogalicia@hemofiliagalicia.com](mailto:asogalicia@hemofiliagalicia.com)  
web: [www.hemofiliagalicia.com](http://www.hemofiliagalicia.com)

**Delegación Lugo:**  
Rúa da Luz nº4, plg Fingoi  
27002 Lugo  
Tlf: 981 299 055

**Delegación Ourense:**  
Rúa Recaredo Paz s/n  
32005 Ourense  
Tlf/Fax: 988 218 941

**Delegación Pontevedra**  
Rúa Xílgaro, 5 baixo  
36205 Pontevedra  
Tlf: 986 281 960 Fax: 981 113 545

## CEGASAL



A Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro executou en 2014 o plan de formación de economía social con dúas accións dirixidas ás xerencias dos centros e persoas desempregadas interesadas na Xestión do Tempo e as Técnicas de Negociación. Continuou prestando servizos de información e asesoramento para dar resposta ás peticións de apoio e consultas recibidas. Destacamos a celebración dos

encontros empresariais en A Coruña e Ourense, achegando a realidade das iniciativas asociadas ao empresariado provincial, así como fomentar a contratación de persoas con discapacidade. A nivel institucional promoveu a celebración da xornada informativa sobre a aplicación da reserva de contratos a centros especiais de emprego e a empresas de inserción laboral ao persoal dos servizos de contratación da Xunta de Galicia. Incrementou a presenza pública da organización nos diversos sectores da sociedade a través da asistencia a eventos e colaboracións realizadas.

Actualmente integra un total de 17 centros especiais de emprego de iniciativa social nos que traballan 648 persoas con discapacidade.

Tlf. 981 574 698  
e-mail: [info@cegasal.com](mailto:info@cegasal.com)  
web: [www.cegasal.com](http://www.cegasal.com)

## ACADAR



A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia liderou en 2014 un total de 11 programas, centrándose na área de empoderamento durante este ano. A nivel galego, os programas desenvolvidos máis innovadores e pioneiros no tratamento da violencia e discapacidade foron **Descubre a nosa realidade!**, onde, mediante unha exposición fotográfica e poética inédita, mostrouse a realidade e capacidades de 11 mulleres nas propias rúas de catro concellos galegos; con **Violencia: TOLERANCIA CERO**, xunto co de recursos integrais, fixeron posible poñer en marcha 12 Grupos de Empoderamento en toda Galicia. Ademais, acompañaron a mulleres en situación de violencia de xénero, fomentaron a participación social das mulleres mediante dous encontros anuais (un provincial e outro galego), formaron a profesionais e ocupan a vicepresidencia do Consello Galego de Mulleres da Xunta de Galicia.

Persoas socias: 75 das cales, 69 son mulleres e 5 homes.  
Tlf: 674 073 092- 674 139 837

e-mail: [info@acadar.org](mailto:info@acadar.org)  
web: [www.acadar.org](http://www.acadar.org)

## FEDERACIÓN CORUÑA



A Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade da Provincia de A Coruña traballou en 2014 para coordinar e potenciar o movemento asociativo cun especial enfoque nas



asociacións de recente incorporación e nas de escasos recursos.

A Federación COGAMI Coruña está conformada por un total de 19 asociacións ás que se lles presta apoio segundo a necesidade e recursos. En 2014 visitáronse 18 entidades e hai posibles ingresos na Federación por parte de asociacións novas. En canto ao servizo de información e asesoramento, atendéronse 2.867 consultas e desenvolveu actividades de rehabilitación e mantemento das capacidades funcionais nos concellos de Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Teo, Brión, Outes, Ames, Boiro, Culleredo, Padrón, Mazaricos e A Estrada. Tamén participou en actividades de lecer e deportivas como hipoterapia, vela adaptada, tenis, karate e teatro.

Tlf. 981 574 698

e-mail: fed.cogamicoruna@cogami.es

#### ADISBISMUR



A Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros desenvolveu en 2014 actividades de alfabetización, informática, habilidades sociais (afeitado, manexo da moeda euro, ducha, prancha, atado de cordóns, vestido, limpeza e posta do comedor), ademais de obradoiros ocupacionais de cestería, cerámica, viveirismo, actividades deportivas e de lecer como excursións, saídas á praia, visitas culturais, deseño de disfraces para o Entroido nun obradoiro de manualidades, organizaron festivais e unha obra de teatro.

O centro de recursos Valadares que pertence á entidade contou con servizos especializados de fisioterapia, logopedia e terapia ocupacional, ademais de obradoiros de teatro, musicoterapia, bailoterapia, un club de lectura impartido pola nai dunha usuaria e dispón de servizo de transporte e comedor.

Tlf. 981 764 377

e-mail: adisbismur@cogami.es

Tlf. centro recursos Valadares: 981 877 622

#### AMARAI



A Asociación de Persoas con Discapacidade e Apoio ás Comarcas de Arzúa e Terra de Melide desenvolveu en 2014 programas como cursos de cociña, de coiro, de relaxación e risoterapia, ademais practicaron deportes como o golf e

bádminton adaptado, recibiron sesións fisioterapia e tamén formaron parte do programa de lecer náutico de Sanxenxo que organiza COGAMI, foron de excursión a Viveiro e, por último, realizaron a xornada de familias en Arzúa. Amarai presta servizo a 24 persoas no centro de recursos que ten en Boimorto, con prazas para centro de día e centro ocupacional. Este centro ten un equipo de 9 profesionais que desenvolven servizos de terapia ocupacional, traballo social, psicología, logopedia, fisioterapia, coidados, formación académica, obradoiros, lecer... ademais de información e asesoramento ás familias das persoas usuarias.

Tlf/Fax. 981 500 823

e-mail: amarai@cogami.es

#### AVANTE



A Asociación de Persoas con Discapacidade de Val do Dubra a nivel de servizos mantivo as mesmas actividades que no exercicio anterior, tanto no centro de recursos de Niveiro como na vivenda tutelada.

Os esforzos durante 2014 centráronse en ampliar a flota de vehículos para poder asumir o 100% do transporte diario das persoas que acoden diariamente ao centro de recursos de Niveiro. Aínda así, deberá completarse ao longo de 2015 esa ampliación.

Cabe destacar tamén a renovación da xunta directiva da asociación, manténdose a maior parte dos membros que a configuraban.

Tlf. 981 191 490

e-mail: avante@cogami.es

#### AMBAR



A Asociación Ámbar das Persoas con Diversidade Funcional continuou en 2014 cos programas e servizos promovidos dende o centro de recursos da Barbanza. Iniciouse o programa de vivenda con apoio. O grupo de teatro Artellar estreou 2 novas obras, quedando unha no 3º posto nun concurso da DGT. Dous usuarios recibiron premios no eido cultural (da Asociación Roosevelt de Cuenca, e da Fundación Dalma). Leváronse a cabo un programa de radio e un proxecto de reforestación en Baroña.

Continuouse co programa de Vela para todos. Realizáronse actividades varias de divulgación e





concienciación social e un amplo programa de lecer que contou con xornadas de convivencia e deportivas, campamentos, excursións culturais, etc.

Número de persoas asociadas: 1.137

Tlf./Fax: 981 832 905

e-mail: [correo@asociacionambar.org](mailto:correo@asociacionambar.org)

web: <http://www.asociacionambar.org>

## AMICO



A Asociación de Persoas con Discapacidade de Compostela e Comarca, AMICO, mantivo durante 2014 o servizo de rehabilitación dirixido a persoas asociadas no que ofreceu sesións de fisioterapia individual, sesións grupais de actividades acuáticas terapéuticas e a realización de actividades de mantemento como pilates adaptado. Realizou dúas charlas informativas e promoveu a participación das persoas con discapacidade en actividades de lecer e multideportivas como son o sendeirismo, pesca, vela e kárate, todas elas adaptadas. Continuouse co programa de voluntariado e a canalización de propostas de mellora de normativa e/ou programas que lles afectan como colectivo.

A nivel institucional colaborou con entidades afíns, mantivo a actualización das redes sociais e espazos de difusión da organización.

Amico alcanza as 126 persoas asociadas.

Tlf. 678 739 030 – 981 574 698

e-mail [info@amico.es](mailto:info@amico.es)

web [www.amico.es](http://www.amico.es)

facebook: Asociación Amico

## ALCER-Coruña



Ao longo do ano 2014, a Asociación para a Loita contra as Enfermidades de Ril desenvolveu unha serie de proxectos que teñen como obxectivo común a mellora da calidade de vida para as persoas con enfermidade renal crónica e familias. Para isto, conta cun equipo de profesionais especializados en diferentes ámbitos (servizos sociais, actividade física e saúde...), que, xunto cun amplo grupo de voluntariado, realiza diversas actividades encamiñadas á consecución dos seus fins.

Ademais de continuar desenvolvendo os proxectos de anos anteriores como son Alcer Tvidas, Servizo de Información e Orientación Social, Bule con Alcer, en 2014 leváronse a cabo unha serie de eventos, entre os que podemos sinalar a celebración do segundo Torneo de Golf Viaxes Paco –Alcer Coruña, no que participaron 170 xogadores profesionais, e máis de 40 en categoría amateur. Do mesmo modo, no mes de xuño, desenvolveuse o II Encontro Bule con Alcer, no que 200 participantes de 8 concellos, desenvolveron unha serie de obradoiros e compartiron unha agradable xornada de convivencia.

**Sede Coruña:** Tlf. 981 298 759

**Sede Ferrol:** Tlf 881 937 235

**Sede Santiago:** Tlf 698 100 502

e-mail: [info@alcercoruna.org](mailto:info@alcercoruna.org)

